



## **BASES REGULADORAS A INSCRICIÓN NA ACTIVIDADE DE TALLER DE MEMORIA DO CONCELLO DE BARBADÁS 2021/2022**

### **Artigo 1. Obxectivo e ámbito de aplicación.**

As presentes bases regularán o proceso de inscrición na actividade de Taller de memoria organizado polo Concello de Barbadásno período 2021/2022.

### **Artigo 2. Destinatarios.**

A actividade lúdica está dirixida a poboación adulta, maiores de 18 anos.

### **Artigo 3. Lugar de desenvolvemento.**

A actividade desenvolverase nos seguintes locais sociais:

- Local social de Loiro.
- Local social de Bentraces.
- Local social O Fonval.
- Local social de Piñor.

### **Artigo 4. Nº de prazas ofertadas.**

As prazas ofertadas serán de 6 persoas por local.

O número de prazas ofertadase o indicado segundo as disposicións aplicables que a administración autonómica e estatal dispón en relación coa apertura dos locais sociais e a distribución de espazos dentro dos mesmos, con motivo da incidencia do COVID-19.

Para que se leve a cabo a actividade será preciso un número mínimo de 5 persoas.

### **Artigo 5. Horario e calendario.**

As actividades comezarán en outubro do 2021 e rematarán en maio do 2022.

En horario de tarde.





## CONCELLO DE BARBADÁS

O horario determinarase no momento da aprobación dos listados definitivos.

### **Artigo 6. Criterios de adxudicación.**

- Cada solicitante só poderá inscribirse nun local.
- No caso de que o número de prazas solicitadas non supere o número de prazas ofertadas, a adxudicación de prazas realizarase de forma directa.
- No caso de que o número de prazas solicitadas si supere o número de prazas ofertadas: resolverase usando como criterio, o resultado obtido o 25 de febreiro de 2021 do Sorteio anual de letras de prioridade para resolver os empates no procedemento de admisión de alumnado para o curso 2021/2022 (artigo 29 da Orden do 12 de Marzo de 2013). As letras de prioridade que afectan ao primeiro apelido son: “W” e “S”; así mesmo afectan ao segundo apelido as letras: “B” e “F”.

### **Artigo 7. Prazos e lugar de presentación de inscricións.**

O prazo para a presentación de solicitudes será dende o día 14 de setembro ata o día 21 de setembro de 2021 (ámbolos inclusive).

A solicitude debidamente cumprimentada deberá presentarse por unha das seguintes formas:

- De forma telemática a través da sede electrónica do Concello de Barbadás <https://barbadas.sedelectronica.gal>.
- De forma presencial no rexistro (Casa do Concello 988360000, Oficinas A Valenzá 988393168).
- En calquera dos rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015.

As solicitudes estarán dispoñibles na páxina web do Concello ([www.barbadas.es](http://www.barbadas.es)).

### **Artigo 8. Publicación dos admitidos/excluídos.**

O listado provisional de admitidos/as publicarase o día 22 de setembro de 2021 na páxina web do Concello de Barbadás ([www.barbadas.es](http://www.barbadas.es)), e nos taboleiros de anuncios do Concello e das oficinas municipais da Valenzá.

Os listados definitivos publicarase o día 30 de setembro de 2021.





## **CONCELLO DE BARBADÁS**

### **Artigo 9. Solicitudes de alta fora de prazo de inscrición.**

Estarán suxeitas ás prazas dispoñibles. De non existir praza, pasarán a formar parte da lista de espera.

### **Artigo 10. Custo do servizo.**

O custo do servizo é de 40 euros anuais.

### **Artigo 11. Pagamento.**

Unha vez publicado o listado provisional o prazo para realizar o pagamento e achegar o xustificantes as oficinas municipais será dende o día 23 ata 28 de setembro (ámbolos inclusive).

De non realizar dito pagamento no prazo establecido, quedará excluído de dita actividade, e será chamado o seguinte da lista.

O pagamento deberá realizarse mediante ingreso ou transferencia bancaria o número de conta / **IBAN: ABANCA (A VALENZÁ): ES07 2080 0470 203110000038.**

\*Indicando como concepto “Taller de Memoria”, e o nome e apelidos do solicitante.

Una vez efectuado o ingreso correspondente, non se devolverá ó importe satisfeito salvo que se acredite a imposibilidade do solicitante de asistir á actividade mediante certificado médico que deberá presentarse cun mínimo de antelación de 24 horas antes do inicio da actividade.

### **Artigo 12. CHAMAMENTO POR LISTA DE ESPERA.**

No suposto de que quedasen prazas vacantes, chamarase por rigorosa orde ós solicitantes en lista de espera, que deberán efectuar o pagamento nun prazo de dous días unha vez recibida a comunicación telefónica da súa admisión na actividade. Realizarase un máximo de 2 chamadas, de non ser posible a comunicación telefónica, chamarase ó seguinte solicitante da lista.





## **CONCELLO DE BARBADÁS**

### **ORGANIZA.**

Concello de Barbadás.

Concellería de Servizos Sociais, Sanidade e Participación Veciñal.

Teléfono de información: 988 39 31 68 (Oficinas Municipais da Valenzá).

**A participación na actividade Taller de memoria supón a aceptación das presentes bases.**

**O Concello de Barbadás resérvase o dereito de realizar os cambios oportunos que poida considerar precisos para o correcto funcionamento da actividade “Taller de Memoria”.**

